

EXPEDIENTE: 2025/E001/000003 (relacionado co expediente 2025/A008/000023)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS E 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2025)

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA DA OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS (APROL RURAL 2025)

Visto o expediente que se tramita para a selección por oposición de 2 peóns/peoas forestais, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 237/2025 do 02/06/2025, modificadas pola Resolución da Alcaldía 322/2025 do 15/07/2025, ao abeiro da subvención regulada pola Orde do 5 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2025).

Remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia a relación de candidatos/as, relativa á oferta núm. 12-2025-5433 (peóns/peoas forestais), e presentada por estes/as a documentación solicitada na convocatoria, de conformidade coas Bases 5ª e 6ª das que rexen o proceso selectivo. Rematado o prazo de presentación de solicitudes o día 28/07/2025 procedeuse a revisar as solicitudes de participación.

Por Resolución da Alcaldía núm. 341/2025 de data 30/07/2025 resolveuse, entre outros, aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, concedendo un prazo de un día hábil seguinte á publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro, para presentar as emendas das deficiencias sinaladas na mencionada resolución.

Logo de ver a dilixencia da funcionaria encargada do Rexistro de Entrada e Saída de documentos do Concello de Dodro, de data 01/08/2025 resulta que, rematado o prazo para a presentación de alegacións e/ou emendas contra o listado provisional, foron presentadas as seguintes, a efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria:

NOME E APELIDOS	NUM. REXISTRO	DATA REXISTRO
M Pasión Calvo González	202500000001159	31/07/2025
Roberto Carlos Jiménez Jiménez	202500000001161	31/07/2025

Finalizado o prazo de presentación de alegacións contra a resolución que aproba a lista provisional de admitidos e excluídos, e comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aceptar a emenda de documentación das seguintes persoas candidatas:

NOME E APELIDOS	NUM. REXISTRO	DATA REXISTRO
M Pasión Calvo González	202500000001159	31/07/2025
Roberto Carlos Jiménez Jiménez	202500000001161	31/07/2025

Segundo.- Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo de peón/peoa forestal, do xeito seguinte:

DNI/NIE	APELIDOS E NOME	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
699	CALVO GONZÁLEZ MARÍA DE LA PASIÓN	ADMITIDA
818	FRANCO BRALO MARÍA MERCEDES	EXCLUÍDA
695	JIMENEZ JIMENEZ ROBERTO CARLOS	ADMITIDO
954	MONTERO ROMERO CARLOS ANTONIO	ADMITIDO
897	NUÑEZ DOMÍNGUEZ RAMÓN	ADMITIDO

Terceiro.- Designar ao tribunal cualificador para o proceso selectivo de peón/peoa forestal, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Roberto Grela Castro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Juan José Muíños Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Vogais:

Titular: Abel García Fabeiro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: María Isabel Francisco Saborido, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Titular: Ana María Rial Dafonte, funcionaria do Concello de Dodro.

Suplente: Natividad Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Titular: Sonia María Montoiro Castro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: María José Rodríguez Expósito, funcionaria do Concello de Dodro.

Secretaria:

Titular: M^a Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Cuarto.- Convocar ao Tribunal Cualificador do proceso de selección de 2 peóns/peoas forestais para a súa constitución o día 04/08/2025, ás 08:00 horas, no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro.

Quinto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas á realización do primeiro exercicio da fase de oposición para a selección de 2 peóns/peoas forestais, ás 09:00 horas do día 04/08/2025, no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro.

Sexto.- Declarar exentos da realización do segundo exercicio da fase de oposición, consistente na realización da proba de coñecemento de lingua galega, aos aspirantes que teñen acreditado estar en posesión do Celga 1.

As persoas que se relacionan a continuación non acreditaron estar en posesión do Celga 1 e polo tanto, teñen que realizar a proba de galego correspondente ao nivel Celga 1:

DNI/NIE	APELIDOS E NOME
699	CALVO GONZÁLEZ MARÍA DE LA PASIÓN
695	JIMENEZ JIMENEZ ROBERTO CARLOS
954	MONTERO ROMERO CARLOS ANTONIO
897	NUÑEZ DOMÍNGUEZ RAMÓN

Sétimo.- Convocar aos aspirantes citados no punto anterior para a realización da fase da oposición correspondente a proba de coñecemento da lingua galega (Celga 1) ás 10:30 h do 04/08/2025 no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro.

Oitavo.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Noveno.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que se teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

*Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe"*